



## Admisión de alumnado Ano académico 2017–2018

### **Normativa reguladora do procedemento de admisión**

- **Decreto 254/2012, do 13 de decembro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (DOG do 26 de decembro).
- **Orde do 12 de marzo de 2013** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (DOG do 15 de marzo, corrección de erros DOG do 24 de abril, modificación DOG do 1 de febreiro de 2017).
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o proceso de admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos para o curso académico 2017–2018.
- Xefatura Territorial de A Coruña. Proceso de admisión de alumnos (2017–2018). Instrucións para os centros sostidos con fondos públicos.

### **Postos escolares ofertados para o ano académico 2017–2018**

<b>Nivel educativo</b>	<b>Postos escolares</b>	<b>Postos escolares ocupados</b>	<b>Postos escolares ofertados</b>
1º ESO	60	45	15 *
2º ESO	60	59	1
3º ESO	60	51	9
4º ESO	60	47	13
1º Bacharelato	132	48	84
2º Bacharelato	132	126	6 **

(\*) Dos que 6 está reservados para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (atendendo ao disposto no artigo 3º.2 da Orde do 12 de marzo de 2013).

(\*\*) Postos escolares soamente ofertados para a modalidade de Ciencias.

### **Prazo de presentación das solicitudes de admisión**

- **Do 1 ao 20 de marzo**, ambos os dous incluídos.

### **Observacións a ter en conta de cara á formalización das solicitudes de admisión**

- As solicitudes de admisión, dirixidas á dirección do IES “Praia Barraña”, presentaranse mediante o formulario normalizado ED550B a través da aplicación de xestión do proceso «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>).



- Tamén se poderán presentar de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción e, ademais, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado.
- O formulario normalizado (ED550B) será facilitado gratuitamente na secretaría do IES “Praia Barraña” e tamén estará dispoñible:
  - Na páxina web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana/>).
  - Na aplicación «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).
  - Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>).
  - Na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/21113>).
- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude de admisión no centro no que solicite praza en primeiro lugar. O incumprimento do aquí sinalado determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- O alumnado que teña garantía de permanencia no IES “Praia Barraña”, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- Unha vez presentada a solicitude non será posible modificar os centros relacionados nin a súa orde de prelación.
- A solicitude de admisión do alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillos/as comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado, ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

**Nos demais casos requírese a sinatura dos dous titulares**, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

De constatare no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura na solicitude, requirirase á proxenitora ou ao proxenitor que a presentou que subsane a deficiencia ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.

### **Documentación que deberá acompañar á solicitude**

Coa solicitude, en calquera caso, deberá achegarse a seguinte documentación:

- DNI do/a alumno/a.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.

### **Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso**

- Só no caso de que a demanda de postos escolares sexa superior á oferta, abrírase un **prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes**, para presentar, de forma presencial no centro, a documentación xustificativa dos criterios de admisión alegados pola persoa solicitante.
- Atendendo ao disposto no artigo 19º da Orde do 12 de marzo de 2013, o **criterio complementario para a admisión do alumnado** será o seguinte:
  - **Ter irmáns xa escolarizados no IES “Praia Barraña”.**



### Calendario do procedemento de admisión

Publicación das <b>listaxes provisionais</b> de persoas admitidas e non admitidas	<b>Antes do 25 de abril</b>
Presentación de <b>reclamacións</b> ás listaxes provisionais	<b>5 días hábiles</b> , contados a partir do día seguinte á súa publicación
Publicación das <b>listaxes definitivas</b> de persoas admitidas e non admitidas	<b>Antes do 15 de maio</b>
Presentación de <b>recurso de alzada</b> contra a resolución definitiva	<b>No prazo dun mes</b> , contado a partir do día seguinte ao da súa publicación

### Prazo para formalizar a matrícula

<b>Prazo ordinario</b> (alumnado que que supere todas as materias na convocatoria ordinaria de xuño)	<b>Do 25 de xuño ao 10 de xullo</b> , ambos incluídos
<b>Prazo extraordinario</b>	<b>Do 1 ao 10 de setembro</b> , ambos incluídos

### Centros adscritos ao IES “Praia Barraña”

- **CEIP “Praia Xardín”** (Boiro – A Coruña).

### Servizos complementarios

- **Transporte escolar**
  - **Decreto 160/1988, do 9 de xuño**, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia (DOG do 27 de xuño) (texto consolidado).
- **Comedor escolar**
  - **Decreto 132/2013, de 1 de agosto**, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación (DOG do 13 de agosto).
  - Consultar as condicións específicas do uso deste servizo na Secretaría do propio centro.